



A imaxe da Virxe do Cristal saíndo en procesión do Cristal en dirección a Vilanova. 1960

A **Escola Provincial de Danza** da Deputación de Ourense publicou nos anos 1999 e 2000 os libros *Danzas gremiais e procesionais da provincia de Ourense*, dous volumes nos que se deu luz aos estudos musicais e coreográficos das danzas rituais de Allariz, Cádavos (A Mezquita), Fontefría (Castrelo do Val), Güín (Bande), As Lamas (Xinzo), Laza, Maceda (da que só hai o recordo de que existiu,

pero non da súa coreografía e música), Seara de Montes (Cartelle), Sta. Tegra (Castro Caldelas), Vilanova dos Infantes (Celanova) e Xuvencos (Boborás). Estas publicacións, actualmente descatalogadas, pódense consultar na web www.ccpxaquinlorenzo.es dentro da sección Publicacións Raigame. O presente artigo é unha revisión do publicado no seu momento no libro anteriormente citado.

A danza

de Vilanova dos Infantes

Vilanova, a Virxe do Cristal e a romaría

Vilanova dos Infantes (Celanova) conta cun dos rituais máis arraigados na provincia de Ourense, a Danza do Cristal. Celébrase cada quince de setembro en honor á Virxe, que ten un santuario barroco do século XVIII a quíntos metros da vila, onde, segundo a lenda que foi posta en poema por Curros Enríquez, un labrego atopou unha imaxe de apenas dez centímetros dentro dunha bola de cristal mentres araba unha leira (outra versión fala de que caeu do ceo nun día de saraiba e recolleuna unha pastora). A imaxe ten unha tonalidade azulada que muda de cor. A esfera obxecto de culto, foi estudada por científicos que aínda hoxe non dan unha explicación á súa formación. No seu momento, o Rey de España Felipe IV quixo admirala dada a fama que adquiriu.

Segundo a lenda e as historias que contan os veciños de Vilanova, a mediados

do século XVIII a comarca sufría unha epidemia de cólera que desapareceu grazas á intersección da Virxe. Dende entón, cada 15 de setembro celébrase unha festa na que se saca en procesión a imaxe do Cristal e na que se realiza a danza, que se lle atribúe ao gremio dos zapateiros, oficio predominante en Vilanova até o último terzo do século XX.

Na procesión recórrense diferentes puntos de Vilanova, realizándose unha serie de rituais relacionados coas crenzas dos veciños que foron cambiando ou desaparecendo co paso do tempo, polo que o que a continuación se describe, pode que hoxe non se realice ou sexa doutro modo. A procesión comeza no santuario do Cristal e sobe en silencio cara a vila pasando por onde estaba a antiga escola, hoxe centro social. Pasa pola rúa da Barronca e pola Praza do Balcón, ao pé da Torre, onde hai quen di que no seu

TEXTOS:

Escola de Danza
da Deputación Provincial
de Ourense

FOTOGRAFÍAS ANTIGAS:

pertencen á colección da
familia Tacón de Vilanova

FOTOGRAFÍAS ACTUAIS:

Xavier Álvarez

tempo existiu un Hospital. Dende este momento, a Banda de Música de Vilanova acompaña a procesión tocando.

Antes de entraren na Praza Maior, a Virxe é recibida pola Cruz de prata que se conserva na Igrexa parroquial de San Salvador, xunto coas imaxes de



A procesión polo camiño de Celanova. 2009.

S. Roque e S. Sebastián levados en andas. Os homes que as levan pónense de xeonllos ante a imaxe da Virxe, inclinando os Santos para simular que lle dan un beixo e de seguido retíranse deixándolle o paso libre pero sen lle dar nunca as costas, e incorpóranse á procesión. A este momento chámanlle “O Encontro”.

A continuación, segue a procesión cara o centro da praza, onde a Virxe é colocada nun pequeno altar presidindo a cerimonia e agardando a que cheguen os danzan-

tes acompañados polos gaiteiros. Estes son compoñentes da Banda de Vilanova. Mentres, os fieis entoan unha Salve en honra da Virxe antes de lles dar paso aos danzantes que, diante da imaxe, bailan a danza completa; ao rematar, marchan todos en procesión. Os danzantes van bailando ao longo de todo o percorrido, facendo pequenos descansos para que a Banda de música interprete as súas pezas.

Collen o camiño de Celanova e á altura do lavadoiro público son os danzantes os que toman as andas da Virxe e lévana durante un pequeno anaco do camiño en dirección á estrada nacional e de seguido toman cara o Santuario do Cristal. Dende hai uns anos, a misa realízase no exterior, pero antes era dentro do santuario, que estaba abarrotado de xente. Acabada a Misa, vólvese realizar a danza completa e os danzantes acompañan a Virxe até o interior do santuario. Antes de introducir a imaxe no santuario, póxase por cada unha das andas, para ter a honra de participar no rito. Outrora, o prezo de saída de cada unha das andas estaba acordado nunha ola de viño. Unha vez introducida a imaxe na igrexa, os danzantes collen a Virxe para que os fieis que o desexen poidan pasar a bicala.

O Domingo seguinte ao quince de Setembro, os danzantes volvían saír para acompañar, esta vez, o regreso dos santos e da cruz desde o Santuario da Virxe até a igrexa parroquial. Primeiramente facían isto o día dezaseis, pero nos últimos anos, por problemas laborais, pasouse para o domingo seguinte e hoxe xa non se fai.

Ao redor do santuario do Cristal colócanse “pulpeiras”, rosquilleiras, postos de pan e queixos e un longo etcétera de feirantes. A banda de música de Vilanova tamén ameniza o día cun concerto, facendo do campo do Cristal un bulleiro de xente indo e vindo, comendo, bebendo, falando cos amigos, bailando e gozando dunha das festas con máis devoción na comarca.



Os danzantes e os músicos acompañando á imaxe da Virxe do Cristal de camiño ao seu santuario. 2009.

A danza

Nun principio, ao igual que outras danzas rituais, a danza de Vilanova era interpretada só por homes. A emigración e o despoboamento, así como a perda de vínculos coa vila da xente nova, fixo que chegado un momento se tiveran que incluír mulleres entre os danzantes, sendo hoxe raro a vez que danza algún home. O traxe está composto por unha camisa branca, garabata negra, enaguas que visten tanto homes como mulleres, alpargatas brancas ou zapatos, e medias. Cobren as cabezas con chapeus de palla enfeitados con flores. No peito cruzan dúas bandas de cor azul e verde, e na cintura levan outra banda a modo de faixa. Este traxe puido ter algunha pequena modificación como o tipo de calzado, as medias ou a cor das bandas, pero a súa estrutura esencial consérvase igual dende as primeiras noticias da

danza, sendo similar ao de outras danzas de Ourense como Allariz, Xuvencos (Boborás) ou Cádavos (A Mezquita), e tamén ten un notábel parecido cos de localidades de Castela, Estremadura ou Andalucía.

Os danzantes son oito; colocados en dúas filas, forman catro parellas. Os dous de diante son os “guías”, ou encargados de dar as entradas. Os dous últimos son os “contraguías”. Para a execución da danza utilizan castañolas que irán tocando ao ritmo da música, acompañadas cos movementos dos pés; paus dunha lonxitude de aproximadamente 50 cm. e un grosor de 3cm. para bateren entre eles e contra os compañeiros; e un mastro con oito fitas de cores, adornado na cima cun boneco vestido do mesmo modo que os danzantes e cos brazos e pernas articulados que

o seu portador fará mover mediante unha pequena corda.

Na coreografía da danza podemos distinguir sete partes diferentes: A redonda; a reverencia; a ponte; os paloteos, parte que ten cinco modalidades diferentes chamadas primeiro paloteo, paloteo de catro, paloteo de cu, paloteo de abrir e paloteo da rabiosa; o trenzado das fitas; a serpentina; repítese a redonda e como final unha segunda reverencia. Unha vez executada a danza incorpóranse á procesión cun move-

Realizando o salto da reverencia inicial. 2008.



Os danzantes pasando ao fronte para realizar o salto da reverencia. 2010.

FOTO DA DEREITA:

Salto da reverencia. 2010.

mento de ida e volta que lles permite avanzar e co que en teoría deberían ir bailando durante toda a procesión. Cada parte da danza ten unha música diferente que é interpretada por músicos da Banda de Vilanova.

Redonda

Os danzantes comezan colocados en dúas filas cara a Virxe nunha rúa á entrada da Praza Maior. Empezan a bailar avanzando cara ela, con paso cadencioso e levando o ritmo, redobrando coas castañas e compasando os brazos cos pés. Van avanzando lentamente para cruzarse as filas dúas veces, pasando sempre por diante a que está á dereita. Cando chegan ao centro da praza, saúdan á Virxe facendo unha reverencia e sacando o sombreiro coa man que teñen ao lado da súa parella. Nesta posición respectuosa esperan para comezar a segunda parte da reverencia, coñecida como “saúdo”.

Reverencia

Comeza co avance dos Guías camiñando libremente e ao chegar fronte á Virxe



fan un salto, volvendo ao seu sitio para que a continuación sexan os demais danzantes os que fagan este movemento, avanzando polo centro das dúas filas e regresando ao seu sitio por fóra. Cando xa fixeron este saúdo os últimos danzan-



A danza de Vilanova nunha exhibición/ concurso ante o xurado no que está o etnógrafo ourensán Xoaquín Lorenzo Fernández. Celanova, 1956

tes (contraguías), repíteno os guías. A continuación fan todos unha reverencia coa cabeza, collen os paus do chan que golpean tres veces antes de comezar a seguinte parte.

Ponte

Comezan os guías facendo unha ponte cos paus en alto, retrocedendo por fóra e mirando sempre cara diante, mentres os demais avanza paulatinamente cara diante por debaixo da ponte, de tal maneira que, cando chegan ao sitio dos guías, golpean cos paus en alto facendo a ponte como fixeron anteriormente os guías, até que teñen pasado todos e volven estar na posición inicial.

A continuación comezan os “paloteos”, unha das partes máis complexa e espectacular da danza. Ao tempo que baten os paus, os danzantes van cambiando as súas posicións nas filas e mesmo cambiando de filas, facendo rotacións que rematan cando chegan ao seu posto inicial, momento no que os músicos cambian a melodía para dar paso ao seguinte paloteo.

1º paloteo

Neste primeiro paloteo, os danzantes golpean os paus contra os da fila contraria e contra os da súa propia fila, cambiando a orientación das filas con respecto á imaxe da Virxe, de vertical a horizontal, rotando os seus postos.



Momento da execución da “Ponte”. 2010.

2º paloteo

Nesta parte os danzantes fan dous grupos de catro, rotando o seu posto primeiro na súa fila, despois cambiando as filas de

lado, unha vez máis na súa fila até volveren á posición inicial.



2 B	1 A	A 1	B 2	2 B
1 A	2 B	B 2	A 1	1 A

Paloteo de Cu

Este paloteo ten os movementos iguais ao anterior. A diferenza radica en que en vez de bater os paus de cara ao compañeiro, póñense de costas ao centro do cadrado que fixeron e baten xirándose un pouco lateralmente.



Paloteo de Abrir

Este paloteo caracterízase porque os danzantes que están no centro das filas (segundos e terceiros) teñen que deixar sitio aos dos extremos (guías e contra-guías) desprazándose aos lados, de aí o seu nome.

Paloteo da Rabiosa

Os movementos son exactamente iguais aos do paloteo anterior, pero a música ten un ritmo moito máis vivo que dificulta os cambios de posición e fai esta parte a máis complicada e espectacular.

Trenzado

Cando os danzantes acaban de facer todas as partes de paloteo, dispóñense para facer o trezado

Mentres un home recolle os paus dos danzantes, sae outro levando o mastro coas fitas. Cada un dos danzantes colle unha fita coa man esquerda, axudándose da dereita para suxeitar a parte de fita que cae. Antes de comezar a trenzar, cada danzante fai un xiro sobre si mesmo mantendo en alto o brazo esquerdo que suxei-



Os danzantes de Vilanova cos gaiteros, posando en 1926.

ta a fita para a continuación comezar a trenzar, pasando alternativamente por debaixo ou por encima da fita dos outros danzantes. Cando rematan de trenzar, volven facer o xiro sobre si mesmos para desfacer a trenza. Cando acaban soltan a fita e fan unha reverencia cara a Virxe.

Serpentina

Comeza esta parte, dando todos un salto para iniciar a serpentina, de tal maneira que a fila dereita debuxa un oito bailando en torno á fila da esquerda. Repetido o salto, é a fila da esquerda a que realiza o mesmo movemento. Remata en posición respectuosa despois de ter feito de novo o salto.

Redonda e Danza

Nesta última parte, os danzantes repiten a **redonda** e van saíndo por parellas para facer un saúdo á imaxe do Virxe do Cristal a modo de reverencia e reiniciarse a procesión que vai presidida polos estandartes e a Cruz, as andas co San Roque e San Sebastián, seguidos dos músicos que pasaron por entre os danzantes cando estaban a facer a reverencia. A continuación incorpóranse á procesión os danzantes coa **danza**, que como xa se explicou anteriormente, é un movemento no que os danzantes se desprazan cara adiante, onde van os músicos e retroceden até as andas da Virxe, o que lles permite avanzar.

A música da danza está composta por nove partituras distintas que se interpretan sen pausa unha tras outra segundo as partes da danza que se está a realizar. Os músicos deben estar pendentes dos movementos que van realizando os danzantes para realizar os cambios correctamente.

Este artigo é un estrato e revisión do traballo publicado no libro *Danzas gremiais e procesionais da provincia*



Trenzado das fitas. 2008.

de Ourense. Vol. I, publicado pola Deputación de Ourense no ano 1999, onde se incluían os gráficos de todos movementos coreográficos da danza, explicación dos pasos e as partituras correspondentes. A edición impresa está esgotada, pero pódese consultar en formato dixital no enderezo www.ccpxaquinlorenzo.es na sección Publicacións Raigame.



O boneco do mastro das fitas.. 2008.

Os danzantes de Vilanova xunto co "Dardo", o "Rin Rin" e o "Gamarro" co boneco das fitas posando despois de executar a danza na Romaría Etnográfica de Vilanova. 2010.

